

## Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Jesús Neira Vilas, a Luís Seoane do 28/09/1977

**Colección:**

**Data:** 28/09/1977

**De:**

Jesús Neira Vilas;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

A Habana (local), A Habana (provincial), Cuba (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografiada con firma autógrafa]

**Temáticas:**

*Memorias dun neno labrego*; Artes; Asuntos particulares; Literatura;

**Mencionados:**

Xosé Díaz; Isaac Díaz Pardo; Anisia Miranda; Maruxa Seoane;

---

## Transcrición da epistola de Jesús Neira Vilas, a Luís Seoane do 28/09/1977

Habana, 28-9-77

Querido Seoane, vello e entrañable amigo:

Soupen por Isaac e por Xosé que anda vostede a ilustrar unha nova edición de *Memorias dun neno labrego*. De novo estaremos xuntos, como ocorreu naquela primeira, de Buenos Aires, de finais do ano 1960. Alédame certamente. E xa dende agora espero velo publicado. Nunca pensei que este libro tivese tal éxito, e isto non me marea, pero proime certa curiosidade que cai no ámeto da chamada socioloxía literaria. Tiven a clave en Santiago en outubro pasado. Estaba eu na librería Abraxas, con moitos mozos agardando, facendo literalmente cola pra que lles firmase libros (e, coma sempre, dos que máis firmei foi deste) e achegouseme un home da miña idade, da Arzúa. E abrazoume e fíxome preguntas e falamos de traballos, costumes, posguerra, e resulta que tivemos unha vida semellante, de nenos labregos mal mantidos, romendados, etc., e dixo que había moitos máis, da

súa comarca que se vían retratados nesas páxinas, e contoume a min mesmo detalles, anécdotas do libro, con enorme entusiasmo. Un home sinxelo, pero moi emotivo, e isto, repito, deume a clave de todo, o espello.

Outra cousa: ando á pescuda de persoaxes galegos no folklore de Cuba (contos, coplas, refrás, etc.). Os galegos salen en veces mal parados, pero outras o galego é o listo, o pillastre, o que engaña a outros, etc. Penso que no Prata esto non se dá así. Pode decirme algo? Penso que nesa zona do Sul, salimos perdendo decote. Amais: tense feito, que vostede sepa, algunha recolleita deste tipo en Bos Aires ou Montevideo? Considera vostede que é útil?

[Manuscrito:] Apertas de Anisia e pra Maruxa. Apertas fortes.

X. Neira

---

Créditos do proxecto web

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.